



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

### CIRCULAR 53/2012

- A todas as Delegacións (\*)

- A tódolos adestradores, clubs e atletas

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

## CAMPIONATO GALEGO DE 10 KM EN RUTA

Riveira, 16 de setembro do 2012

**Art. 1)** A Federación Galega de Atletismo a través da Delegación de Santiago organizarán o vindeiro 16 de setembro de 2012, en Riveira o Campionato Galego, absoluto e das categorías junior, promesa e veteranos, de 10 km en Ruta. Esta proba disputarase conxuntamente coa *XV Carreira Popular de Santa Uxía 2012 do Concello de Riveira*.

**Art.2)** No Campionato Galego poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías, que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2011/12) por algún Club pertencente á Galicia.
  2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
  3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.
- Segundo acordo de Asamblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non esten nacionalizados en España non poderán optar os podiums nos Campionatos Galego.

**Art.3)** A saída da proba terá lugar na zona do malecón de Riveira (Paseo Marítimo) ás 10:30 horas do domingo 16 de setembro.

**Art.4)** As inscricións para o Campionato Galego realizaranse a través do sistema online na web [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org) con data límite o martes **día 11 de setembro**, ata as 20:00 horas. Aqueles atletas federados que participen no Campionato Galego e que desexen optar a premios en metálico e/ou trofeos as categorías da *XV Carreira Popular de Santa Uxía 2012 do Concello de Riveira* deberán realizar a maiores o pago da cota de inscrición indicada pola organización (**deberán realizar ambas inscricións**). Ningún atleta federado que non formalice o pago da inscrición da carreira popular poderá optar a premio algún da mesma.

**Art.5)** A retirada de chips e dorsales realizarase o día da proba no AUDITORIO MUNICIPAL, ó carón do Centro de Saúde ata media hora antes do inicio da proba.

**Art.6)** Os tres primeiros atletas clasificados recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

**Art.7)** Os participantes deberán levar en todo momento o dorsal (no peito) proporcionado pola organización. A non visibilidade do dorsal supón a retirada do atleta do circuito e a descalificación do atleta.

**Art. 8)** A organización establecerá distintos controis polo circuito para controlar o paso dos participantes.

**Art. 9)** O control da carreira estará dirixido polo Comité Galego de Xuices. Tódalas reclamacións deberán facerse directamente ó xuíz árbitro da proba como máximo ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.

**Art. 10)** Todo o non disposto neste regulamento resolverase pola normativa da Federación Galega de Atletismo, ou no seu caso, pola propia Real Federación Española de Atletismo.

**Art. 11)** Todos os atletas que se inscriban nesta proba dan por aceptado e deben cumprir todos os aspectos reflexados neste regulamento.

Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)  
A Coruña, a 3 de agosto de 2012